



**fondo
galego**

de cooperación
e solidariedade

VACACIONES CON TRABAJO

EXPERIENCIAS SOLIDARIAS 2018

Testemuños de participantes no programa Vacacións con Traballo
do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade





EXPERIENCIAS SOLIDARIAS 2018

Testemuños de participantes no programa Vacacións con Traballo
do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade

EDITA: Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade

COORDINA: Secretaría Técnica do Fondo Galego (IGADI)

SEDE: Rúa Varsovia, 4ºC - 6º, 15703 Santiago de Compostela (A Coruña)

TELÉFONO: 981 555 999 - Fax: 981 565 203

SECRETARÍA: Centro Cívico Sur, R/ Luis Braille nº 40 - 36003 Pontevedra

TELÉFONO: 986 843 436 - 698 144 536

ENDEREZO ELECTRÓNICO: info@igadi.org / www.fondogalego.org

FOTOGRAFÍAS: Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade

DESEÑO: PositiBos.gal

IMPRESIÓN:

DEPÓSITO LEGAL:

VACACIONES CON TRABAJO EXPERIENCIAS SOLIDARIAS 2018

Testemuños de participantes no programa Vacacións con Traballo
do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade



■ PRÓLOGO	pax. 6
VACACIONES CON TRABAJO EN CABO VERDE	
Datos básicos	pax. 8
Testemuño de YOLANDA FERRO	pax. 11
VACACIONES CON TRABAJO EN MOZAMBIQUE	
Datos básicos	pax. 33
Testemuño de MANUEL FUENTES	pax. 35

PRÓLOGO

Vacacións con Traballo concibiuse como un programa de voluntariado internacional para persoal das deputacións e concellos socios do Fondo Galego, pero é tamén unha iniciativa de cooperación técnica na que as e os especialistas da administración local asesoran aos parceiros en terreo sobre as cuestións que solicitan. Así o fixeron un ano máis, e xa van trece, as dúas persoas que en outubro de 2018 estiveron colaborando en Mozambique e Cabo Verde.

Yolanda Ferro, técnica de Turismo do Concello de Santiago de Compostela, pasou un mes no arquipélago africano, intercambiando coñecementos en materia turística na Cámara Municipal de Santa Cruz, onde ademais tivo a oportunidade de desenvolver un interesante traballo de campo. Manuel Fuentes, informático da Deputación da Coruña, apoiou á Fundação Encontro na organización da base de datos da súa área de Acción Social e mesmo decidiu alongar a estadia dúas semanas máis por iniciativa propia. As páxinas deste caderno revelan que, en ambos os dous casos, a experiencia resultou do máis gratificante.

Alén de achegar un *know-how* profesional, participar nas Vacacións con Traballo é deixar atrás os clixés e mergullarse noutra realidade cunha nova ollada, libre de prexuízos e aberta ao diferente. Unha vivencia que deixa pouso e que á volta se transfere tamén á contorna das persoas que nela participan. “Chegar e partir, dúas caras da mesma viaxe”, como di Yolanda na súa memoria. “A sensación de formar parte da natureza na que un pon os pés”, conclúe Manuel no seu texto. Verbas que nos fan partícipes da intensidade das Vacacións con Traballo, que xa viviron 44 técnicas e técnicos das administracións locais e provinciais.



Unha iniciativa que en 2019 volve ofertar prazas na África lusófona e que se abre tamén ao persoal das mancomunidades e da Xunta de Galicia, coa opción de solicitar unha licenza laboral específica para a estadia. O programa vén de ser ademais presentado como exemplo de boas prácticas na Xornada Técnica ‘O cumprimento da Axenda 2030 desde a cooperación municipal e os operadores de auga’, celebrada en Barcelona con motivo do Día Mundial da Auga. Un encontro, organizado entre outros por ONU Hábitat, no que compartimos mesa con outros fondos do Estado e que nos permitiu comprobar como a cooperación técnica é unha plusvalía non só para as entidades que a reciben, senón tamén para as administracións que a envían.

Cómpre pois seguir afondando na colaboración entre o poder local galego e o dos países do Sur, para o que Vacacións con Traballo pode constituír unha ponte óptima, tal e como teñen demostrado concellos coma o de Ames, que xa xerou proxectos propios con persoal municipal. Irmandades dotadas de contido e de sentido que veñen contribuír ao labor impulsado polo Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.

Juan González
Presidente do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade

VACACIONES CON TRABAJO EN CABO VERDE



DATOS BÁSICOS

NOME OFICIAL: República de Cabo Verde.

CAPITAL: Praia, na Illa de Santiago, 113.665 habitantes.

SUPERFICIE: 4.030 km². O arquipélago está localizado no punto máis occidental do continente africano, a 600 km de Senegal. Conta con dez illas de configuración desértica, volcánica e tropical. Divídense en dous distritos: as de Sotavento, ao Sur (Santiago, Maio, Fogo e Brava), con capital en Praia; e as de Barlovento, ao Norte (Santo Antão, São Vicente, Santa Luzia, São Nicolau, Sal e Boavista), con capital en Mindelo.

POBOACIÓN: 553.432 habitantes (estimacións xullo 2016). Un 49,7% da poboación é feminina (Banco Africano de Desenvolvemento).

ALFABETIZACIÓN: 86,8%% (CIA World Factbook, 2015).

ESPERANZA DE VIDA AO NACER: 73 anos (PNUD, 2018).

ÍNDICE DE DESENVOLVEMENTO HUMANO (IDH): 0,654 (2018). Posición 125 de 189 países, considerado no "nivel de desenvolvemento medio" (PNUD).

LINGUAS: Portugués e crioulo, unha mestura do idioma portugués con linguas africanas, da que cada illa de Cabo Verde posúe un dialecto propio. O crioulo non é aínda unha lingua oficial en Cabo Verde, a pesar de que se está a discutir a súa cooficialidade co portugués. É igualmente falado na diáspora caboverdiana existente en Francia, Alemaña, Italia, Luxemburgo, Países Baixos, Portugal, Senegal, España, EEUU e Brasil, entre outros países.

CONFIGURACIÓN RACIAL: Maioritariamente mestizos (71%), produto da fusión de negros autóctonos e brancos, principalmente de orixe portuguesa. Negros africanos (28%). Brancos europeos (1%).

RELIXIÓNS: Católica (98%). Presenza de credos autóctonos. Tamén existen comunidades de cristiás protestantes de diversos credos (Igrexa do Nazareno, adventistas, testemuñas de Xehová, novos apostólicos) e musulmáns (1,8%).

MOEDA: Escudo de Cabo Verde (CVE), dividido en 100 centavos. A convertibilidade é de 1€ = 110,23 CVE (marzo de 2019).

PIB PER CÁPITA: 3.450 US\$ (Banco Mundial, 2014). Cabo Verde posúe un dos PIB per cápita máis elevados do continente africano, só por detrás de África do Sur, Gabón e Guinea Ecuatorial. A nivel mundial, Cabo Verde ocupa o posto 163º por volume de PIB.

CRECIMENTO ECONÓMICO: 4% (Banco Mundial, 2017). Para 2018, as estimacións de crecemento económico situáronse no 3,9% (Banco Africano de Desenvolvemento). Cabo Verde vén mantendo sólidos niveis de crecemento na derradeira década, en gran medida grazas ao sector do turismo e os investimentos privados. No 2008 oficializouse o ingreso de Cabo Verde nos países con renda económica intermedia a nivel mundial. Porén, o país segue dependendo considerablemente da axuda exterior. É de salientar o peso económico da diáspora caboverdiana, cuxas remesas supoñen aproximadamente un 9% do PIB do país (Banco Mundial, 2012). Os principais países receptores da diáspora caboverdiana son Portugal, EEUU, Francia, Italia, España e Países Baixos (Banco Central de Cabo Verde, 2018).

DESEMPREGO: 12,2% (Banco Central de Cabo Verde, 2018)

POBREZA: 26,6% (Banco Mundial, 2010). 27% (PNUD, 2014)

DIVISIÓN DO PIB: Sector primario 8,8%; sector secundario 18,1%; sector terciario 73,1%. Segundo o PNUD (2013), a división sería: servizos (80%), agricultura (11%), e industria e enerxía (9%).

INFLACIÓN: -0,3% (Banco Central de Cabo Verde, 2018).

PRINCIPAIS SOCIOS COMERCIAIS: Portugal, Países Baixos, Marrocos, España, Gran Bretaña, Italia, Costa de Marfil.

PRINCIPAIS RECURSOS: Bananas, peixe, sector turístico, petróleo, sal e azucre.

INDEPENDENCIA: Tras 500 anos de dominio colonial portugués, a República de Cabo Verde declarou a súa independencia o 5 de xullo de 1975.

FORMA DE ESTADO: República unitaria con sistema parlamentario e multipartidista, cun único corpo legislativo, a Asemblea Nacional do Pobo, composta por 72 deputadas e deputados, que se elixen por sufraxio popular para un período de cinco anos. Reelixido en 2016, o presidente e xefe de Estado é Jorge Carlos Fonseca (66 anos), do partido Movimento pela Democracia (MpD).



TESTemuÑO DE YOLANDA FERRO

Técnica de Turismo no Concello de Santiago de Compostela.
Cámara Municipal de Santa Cruz.

A VOLUNTARIA

O meu nome é Yolanda Ferro e no ano 2018 fun seleccionada como voluntaria para a praza de técnica/o de turismo rural convocada polo Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade dentro do programa Vacacións con Traballo. Esta vacante tiña como parceiro ao Municipio de Santa Cruz, na Illa de Santiago, en Cabo Verde, onde colaborei durante todo o mes de outubro.

Desde o ano 2003 formo parte do persoal do Concello de Santiago de Compostela, en concreto da entidade encargada da xestión turís-



tica municipal: Turismo de Santiago. Ao longo destes anos, o meu traballo no departamento de **marketing e comunicación turística**, ten incluído o deseño, planificación, coordinación e supervisión de programas, eventos e produtos, así como a comunicación online e offline dos mesmos.

A maiores, pola súa relación coa colaboración desenvolvida dentro do programa Vacacións con Traballo, cómpre salientar aquí que fun, durante tres anos, a **coordinadora técnica do grupo de concellos para a promoción turística conxunta Área Santiago**, que incluía aos municipios rurais de toda a contorna, ata un total de dezanove no momento de maior participación.

Foi esa experiencia profesional a que me permitiu afondar na **problemática específica do turismo rural desde a perspectiva da administración local** e, entendo que en gran medida, tamén a que avalou a miña adecuación para a praza convocada polo Fondo Galego en 2018. Ese período laboral foi importante tamén porque me permitiu comprobar en primeira persoa que a cooperación, neste caso concreto a cooperación interadministrativa, paga a pena malia todos os atrancos e dificultades, que son innumerables e inclúen, como non, o intento de conciliación dos intereses políticos diverxentes dos distintos municipios.

Polo demais, continuando coa miña presentación, os campos de traballo da miña preferencia no eido do turismo son a **planificación turística, a ética do**



turismo, o turismo responsable e sostible e o desenvolvemento local así como a relación entre comunicación e educación social e turismo.

Grazas ao meu traballo, teño feito un bo número de viaxes internacionais, tanto para chegar a acordos con distintos axentes como para levar a cabo accións de convenios bilaterais. Ademais, **no que a voluntariado se refire, teño participado en programas de promoción local a través do turismo**, desde aquel pioneiro Compostela 93, no que fun voluntaria acabada de conquistar a maioría de idade, ata experiencias máis recentes en México, Xapón ou Sicilia.

Por tratarse de **contactos específicos coa plural e riquísima realidade do continente africano**, destaco aquí as miñas experiencias como voluntaria en setembro de 2016 e abril de 2018. A primeira comprendeu un mes de traballo no **territorio Masai de Engaruka, Tanzania**, onde traballei como voluntaria da Universidade de York, Reino Unido, dentro dun proxecto arqueolóxico sobre sistemas agrícolas tradicionais e tecnoloxías indíxenas e como esas poden integrarse nos discursos actuais de desenvolvemento e na formulación das políticas internacionais medioambientais.

A segunda, en abril de 2018, consistiu nunha serie de xuntanzas e visitas nos **campamentos de refuxiados de Tinduf** cos principais axentes saharauís relacionados coa cooperación internacional: Ministerios saharauís de Educación, Cultura, Mocidade e Cooperación, Unión Nacional de Mulleres Saharauís, Asociación de Familiares de Presos e Desaparecidos Saharauís (Afapredesa), etc.

Estes que acabo de relacionar foron algúns dos aspectos que destaquei na carta de motivación que acheguei coa miña solicitude ao Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade e que, entendo, propiciaron a miña selección neste interesantísimo programa de voluntariado internacional para persoal da administración local que se da en chamar Vacacións con Traballo.

O TERRITORIO

Santa Cruz é un dos nove municipios da Illa de Santiago, a maior das dez que compoñen o arquipélago de Cabo Verde, e está considerado tradicionalmente como un dos territorios máis empobrecidos de todo o país, malia a súa proximidade e boa conexión por estrada con Praia, a capital da República, da que Santa Cruz dista escasa media hora en coche.




Cuns 112 km² de superficie (semellante a Vigo), Santa Cruz engloba 24 localidades e un total de 26.190 habitantes (INE 2017), o que supón preto do 5% da poboación do país. A súa densidade poboacional é de 259 hab/km² (en Galicia ronda os 91 hab/ km²) e a idade media da poboación de 27,6 anos (a galega alcanza os 46,76 anos, segundo o IGE 2017).

Salientable é tamén que a capital municipal, Pedra Badejo, é, con preto de 10.000 habitantes, o terceiro núcleo de poboación máis grande da Illa de Santiago, só por tras da capital, Praia, e dunha vila no interior, Assomada.



Dos datos do INE para o ano 2017 despréndese que o municipio de Santa Cruz presenta unha taxa de desemprego do 5,8% (a de Santiago de Compostela, para ese mesmo ano, é do 12,72%). No entanto, cómpre ter en conta que a taxa de subemprego nese municipio caboverdiano é do 29,8% (a media española en 2017 sitúase no 7,7%).

As seguintes imaxes ilustran outros aspectos significativos do municipio de Santa Cruz.



Principais actividades económicas

As principais actividades económicas do municipio son a agricultura de regadío e de secaño (o municipio posúe unha das maiores extensións de cultivos de regadío do país, nos que destacan as hortalizas e as bananeiras), a gandería e a pesca artesanal.

Nun país xa de seu caracterizado pola aridez e o risco crecente de desertización, a actividade agrícola está fortemente afectada polas secas, que diminúen o caudal dos cursos fluviais e o nivel dos pozos, e pola conseqüente gradual salinización dos solos, que non depende unicamente das secas, senón tamén da sobreexplotación da auga subterránea, da extracción de area das praias e da práctica do sistema de rego por asolagamento.



A pesca artesanal, que tradicionalmente representou a base de subsistencia de moitas familias do litoral, está hoxe en día en retroceso. Nesas comunidades costeiras, as actividades económicas da pesca e da agricultura teñen sido practicadas en paralelo. O informe "Breve Caracterización do Município Santa Cruz", elaborado pola Asociación Nacional de Municipios Caboverdianos (AN-MCV) no ano 2014, sinala que debido ás baixas capturas, moitos dos pescadores migran para as illas de Boavista e Maio, onde existe un potencial extractivo maior.



En relación á gandería, reflicte dito informe as seguintes necesidades: mellora de formación dos criadores na produción, recollida e conservación dos pastos, introdución de razas melloradas e construción de currais e porqueiras co fin de minimizar a degradación dos solos e do manto vexetal.

Turismo

Tal como recollen diversos informes e planos estratéxicos das entidades competentes tanto a nivel estatal como municipal, o turismo, malia pouco explorado, pode ser unha saída para o desenvolvemento socioeconómico do municipio. Isto é así por posuír Santa Cruz condicións xeográficas e naturais atraentes tanto para o turismo rural e de natureza, como para o de sol e praia, potencialidades que deben ser aproveitadas de cara a **aumentar as posibilidades de ingresos da poboación, especialmente da rural**.



Por outra parte, o Plan Director Municipal vixente identifica como un dos seus obxectivos (e non unicamente en materia de turismo, senón con carácter xeral) o seguinte: **"Potenciar as singularidades do municipio e a súa diferenciación e, ao mesmo tempo, a súa complementariedade con respecto aos municipios veciños"**.



O DÍA A DÍA

Para a miña estadía en Santa Cruz, a Cámara Municipal esforzouse por garantir que tivese un aloxamento o máis comfortable e seguro posible. Situado na praza principal da vila, a mesma na que está o pazo municipal, no meu apartamento había auga corrente durante a mañá, nun horario que non fun quen de recoñecer con exactitude. É necesario precisar que non había auga quente: a auga saía da billa arredor dos 20°C, notablemente máis fresca que a temperatura ambiente. Polo demais os estándares da miña vivenda eran homologables aos de tantos pisos de veraneo da costa galega tanto na dotación de utensilios de cociña e electrodomésticos, como na presenza de pequenas pero salvables deficiencias, como aquela inquietante fuga de auga na chave de paso principal da casa, ou o vidro crebado da ventá do meu dormitorio.

Moi preto do meu domicilio, ademais das tendas dos dous operadores de telefonía de Cabo Verde, localizábase a oficina do servizo postal e varios pequenos negocios de alimentación, entre outros. Así é que eu vivía no mesmo *downtown* dunha localidade duns 10.000 habitantes.

O meu ritual diario, establecido en función do ritmo marcado por ese lugar que durante case cinco semanas foi a miña vila, era máis ou menos así:



“Amañezo moi cedo, demasiado incluso para a meirande parte dos santacruzenses. Os galos comezan a cantar por volta das catro da mañá, só unha chisca antes de que empecen a detectarse os primeiros signos de actividade humana na rúa, no rítmico varrer da limpadora da praza. O sol aínda ha tardar dúas horas en saír. Tento seguir durmindo, con máis pena que gloria, e un anaco máis tarde decido comezar a prepararme para a actividade deportiva ao aire libre das cinco e media da mañá, que comparto coas animosas mulleres, e máis algún home, de Portas Abertas.

Portas Abertas é unha asociación recreativa, cultural e social das moitas que hai na localidade. Ademais doutras accións, organizan de luns a venres actividades saudables, moi útiles aquí para vencer a indolencia, o letargo ao que conduce este insistente calor tropical, de indesexadas consecuencias non só mentais, como a desgana e a preguiza, senón tamén físicas, como o indesexado sobrepeso.

Teño que abrir aquí un pequeno paréntese no meu relato diario para salientar a importancia do coidado corporal e do deporte -nomeadamente o fútbol, pero tamén outros- que detectei na sociedade caboverdiana. O deporte, e por extensión a saúde, é obxecto de constantes anuncios televisivos promovidos polo goberno caboverdiano. Aínda que practicamente invisibles na rúa para o ollo

alleo, o tabaquismo e o alcolismo tamén son asuntos de Estado, xa que supoñen, en especial este último, problemas devastadores para as familias máis empobrecidas.

Polo demais, a atención ao corpo tradúcese, como non, na pulcritude na vestimenta e os accesorios, que malia incluír moitas veces, as máis delas en forma de falsificacións, as omnipresentes marcas -sobre todo as deportivas: Nike, Adidas, etc.- é un vestir digno, coqueto e baseado nunha estudada e “resultona” combinación de vivas cores.

Como xa dixen, eu estou no grupo deportivo do comezo da mañá, aínda que hai outro de tarde, ás 17:30 horas, cando comeza a caer o sol e a calor é máis asumible. Na miña quenda matutina, o programa varía segundo os días. Os luns e mércores, ademais dos diarios *alongamentos* -dos que Zagu, o instrutor, parece gustar particularmente-, facemos exercicios de abdome e glúteos. Os martes e xoves, é a quenda para os exercicios aeróbicos ao compás da música, da que as mulleres de alí, que de serie xa teñen o ritmo no corpo, desfrutan especialmente. O venres é un día destacable, cunha deliciosa andaina de escasos 6 km, a escuras, atravesando cultivos de palmeiras, coa vivificante brisa do raiair do día, para rematar cun relaxante baño comunitario na praia... Síntome moi contenta e agradecida de pertencer a un grupo, a ese grupo, co importante que é, especialmente aquí, a vida en común, a pertenza a unha colectividade.



Ese forte sentimento de pertenza a unha colectividade, comunmente identificado coa pluralísima realidade que damos en chamar “África” -pero atribuíble a todas as sociedades rurais e/ou tradicionais-, podería condensarse en dúas frases: “É complicado” e “Estamos juntos”, dúas expresións moi habituais e tamén moi reveladoras. A primeira fala de dificultade. A segunda emprégase nas despedidas para expresar a esperanza no poder da colectividade nun contexto pouco favorable. Así, “É complicado”, pero posible, se “Estamos juntos”. Reciprocidade e solidariedade, valores esenciais, tan evidentes e incuestionables, que fan que aquí sexa excepcional escoitar a alguén desculparse (por chegar -moi- tarde a unha cita, por exemplo) ou agradecer -mesmo se se trata dun agasallo-.

Dicía que ás 6:30 horas remata puntualmente a actividade deportiva. Volvo a casa a amañarme para a xornada de traballo na Cámara Municipal, que oficialmente comeza ás 8 horas, e remata ás 16 horas, cunha parada para xantar, que adoita ser de aproximadamente unha hora.

As tarefas da miña xornada no gabinete de turismo non difiren substancialmente das do meu posto de traballo habitual. Segundo os días, varían entre: 1) O traballo de gabinete, para a procura, organización e análise de información e máis a redacción de e-mails e informes; 2) O traballo de campo, para coñecer en profundidade o territorio municipal; e 3) As xuntanzas. En comparanza coa actividade profesional “occidental”, os puntos 2 e 3 están alí notablemente



suxeitos a múltiples cambios de última hora, en función da dispoñibilidade dun medio de transporte e, en xeral, do imprevisible que semellaba a propia rutina, marcada por unha vivencia do tempo flexible e adaptable, moi afastada da miña/nosa, composta por rixidas horas, minutos e segundos que sempre teñen, invariablemente, a mesma duración cronolóxica. Mais non alí.



Para información máis detallada e técnica do alcance da miña colaboración en terreo, recomendo a lectura dos posts “É complicado - Estamos juntos” e “Porto Madeira” do blog do programa Vacacións con Traballo.

Detéñome de novo no percorrido polo meu día a día para listar algúns aspectos relevantes sobre a contorna laboral municipal na que traballei, aspectos que infiro son extrapolables ás entidades públicas caboverdianas en xeral. Entre eles están a esperable limitación de medios, o clima caloroso e, xa que logo, desincentivador, a distinta concepción do aproveitamento do tempo e unha filosofía de vida presentista, centrada en ir salvando o día a día. Tamén a tendencia ao conformismo, derivada do anterior, asumida pola poboación en xeral, que non é, cando menos non formalmente, crítica co goberno municipal. En relación co anterior, hai que ter en conta, ademais, que o Concello funciona como unha sorte de axencia de colocación da poboación local, á que fornece dun amplísimo número de microtraballos infrarremunerados para que poida polo menos subsistir o maior número de persoas. As consecuencias indeseadas do anterior, canda a inexistencia de convocatorias públicas de emprego

baseadas na transparencia, no mérito e na capacidade, son o absentismo laboral, pola falta de motivación –tanto económica como funcional- do persoal municipal, e a existencia de importantes redes clientelares dentro do Concello.

A todo o antedito hai que lle sumar o oportunismo dunha acción municipal altamente dependente das achegas das entidades de cooperación ao desenvolvemento (FAO, PNUD, AECID, Comisión Europea, etc.), coa consecuente improvisación, derivada do feito de ter que adaptar os proxectos ás convocatorias e prazos dos distintos organismos.

Retomando o meu repaso da rutina diaria, a pausa para xantar faise, dependendo de cada quen, entre as 12 e as 14 horas. Claidira e mais eu, que adoitamos subir xuntas a insolada costa de volta a casa, paramos sobre ás 13 horas. Na mesma praza na que eu vivo, está a casa de comidas que desde que cheguei a Pedra Badejo pasou a formar parte do meu catálogo de lugares familiares, dos meus sitios “de confianza”. Porque cando se está nun terreo descoñecido, inconsciente pero moi rapidamente, constrúese unha sorte de mapa emocional que nos permite orientarnos con seguridade e marcar os lugares nos que poder relaxarnos.

Falando da comida, cómpre destacar a súa calidade, en termos sobre todo de naturalidade. O feito de que o país, con poucas excepcións, non conte cunha industria alimentaria, supón que a dispoñibilidade de procesados é escasa, ademais de cara. Así, a dieta diaria é moi saudable, como puiden eu mesma



comprobar co paso dos días, e tamén variada. Auténtica “real food” baseada en gran medida en peixe, aínda que tamén en carne, e sobre todo en vexetais, cereais e froitas de temporada e de produción local tradicional, e polo tanto completamente libre dos para nós tan familiares aditivos, conservantes, potenciadores do sabor, azucres artificiais, etc. Unha alimentación como podía ser a nosa hai trinta anos.



Na miña cartografía afectiva de Santa Cruz á que antes me refería está tamén a presenza de Eliza, á que atopo cando paso por casa no meu camiño de volta á oficina. Eliza é especial, tendo en conta os centos, milleiros de cans desatendidos e esfameados que hai pola rúa, tan aletargados pola calor que parecen mortos. Ela *gosta* de estar soa e, nas horas máis cálidas do día, sitúase tenazmente na escaleira de subida á miña casa, nos chanzos á sombría nos que mellor corre o aire. Eliza, por constante, é para min unha compañía inesperada.

De volta na oficina, aló por volta das 14 horas, restan aínda dúas horas, nas que a presenza dunha *ventoinha* –ventilador- é moi de agradecer, porque a calor pode chegar a ser abafante. Polo demais, a conexión á rede é nestas horas máis inconstante, o que, xunto coa calor, non contribúe a facer das tardes o período máis produtivo da xornada.



Das catro ás sete da tarde é para min o tempo das compras domésticas –o almorzo e a cea fágoos sempre na casa-, dalgún traballo pendente –especialmente dos que precisan de maior sosego e concentración, de soidade, en fin-, e das ocasionais visitas do Val –ao que estiven encomendada sobre todo nos primeiros días, e que me valía para todo: fontanería, electricidade, bricolaxe, pero tamén para pasear ou ir á praia en día festivo- ou da Edwige –compañeira de traballo e tamén veciña, que chegou en varias ocasións a agasallarme con zumiños e biscoitos caseiros-.



Ás sete xa é noite pecha, a hora á que empeza a cesar, paulatinamente, o trasfego de vehículos de xente polas rúas. “Há que andar pela luz” é norma aló, e a iluminación urbana é escasa. O feito de que non se camiñe na escuridade non

impide que a rúa sexa empregada como unha extensión natural da casa, unha especie de salón ao aire libre, no que facer vida comunitaria con familia e veciñanza, aproveitando que a temperatura convida a estar no exterior.

Para min, que non teño esa posibilidade de compartir o final do día, é a hora de prender a televisión e escoitar unha das dúas canles caboverdianas, e de lle “wasapear” de volta a Paulinha, traballadora da Cámara e coordinadora desta acción bilateral de voluntariado, que contacta cada tardiña co fin de que lle faga a crónica e balance do día, e a previsión do seguinte, e de facerme sentir acompañada.

Entre as 21 e as 22 horas desaparece progresivamente todo o animado ruído da vida na rúa e vanse apagando tamén os ladridos dos cans, que despois da calor recobran a actividade. Mesmo o boi que mora no patio de atrás, que non ten acougo, cala.

Eu preparo entón o meu ritual para durmir, que inclúe un número importante de elementos – *ventoinha*, repelente e mosquiteira, anteface, tapóns dos oídos e libro-, sobre todo nas primeiras noites, mentres me afago a convivir coa calor, coa ameaza potencial que poden representar uns poucos mosquitos, coa luz que penetra pola ventá ou co canto dos galos, alá polas catro da mañá...”.



EPÍLOGO

“Si ka badu / Ka ta biradu” é una frase atribuída ao poeta caboverdiano Eugénio Tavares aínda que de uso frecuente naquel país historicamente afeito á diáspora. Figura no Monumento ao Emigrante, sito no aeroporto internacional de Praia, na Ilha de Santiago. A súa tradución podería ser algo así como “É preciso marchar / para poder volver”. Chegar e partir, dúas caras da mesma viaxe. Encontros e despedidas. Por iso, sempre que se parte, hai que facelo anticipando a alegría do regreso. Esta sinxela frase podería resumir, se algunha, ese fondo sentir, alegre ao tempo que inexorable, do pobo caboverdiano.



As achegas máis obvias da miña participación no programa Vacacións con Traballo teñen que ver co encontro cunha cultura distinta e coa superación dos medos e inseguridades que isto supón. Iso inclúe vencer tamén as reservas alimentarias e hixiénicas que pode ter unha europea media nun país empobrecido, aínda que dos chamados “de desenvolvemento medio”. Dunha vivencia deste tipo só se sae dun xeito: con máis madurez e fortaleza.

Por outra parte, Vacacións con Traballo supuxo para min a posibilidade de acceder a información, a realidades, persoas e mesmo lugares doutro xeito inaccesibles. E isto por varias razóns.

A primeira ten que ver co longo e consolidado labor de cooperación do Fondo Galego en Cabo Verde, e nomeadamente no municipio de Santa Cruz, o que fai que sexa unha entidade recoñecida e ben valorada. Non hai dúbida de que iso abre moitas portas.

A segunda ten que ver co feito de eu ser unha traballadora municipal do Concello de Santiago de Compostela, e a miña colaboración foi tamén nunha cámara municipal. Deste xeito, a adaptación profesional foi rápida, fluída, polos puntos que hai en común co meu traballo habitual, aínda que tamén haxa outros contrastantes. Así é que no plano profesional este mes resultou moi ilustrativo e, por iso mesmo, satisfactorio.



A última das razóns ten que ver co turismo, no que “o país das dez illas” ten depositadas moitas esperanzas. Nese contexto, a contribución dunha técnica local de turismo chegada “da España”, unha potencia mundial do sector que conta ademais cunha especialmente boa reputación en Cabo Verde, é obxecto de moita atención e dun honesto afán de aprender. Non preciso explicar que **non pode haber unha compensación maior**.

Polo demais, considero este tipo de viaxes unha magnífica oportunidade de aprendizaxe, xa que supoñen a toma de contacto -aínda que puntual en ab-

soluta superficial- cunha realidade (moi) distinta á nosa. Esa aprendizaxe permite ademais reposicionarse con respecto á realidade de orixe, da que é bo distanciarse para obter outra perspectiva. Neste sentido, a experiencia das Vacacións con Traballo permitíume revisitar, con renovada mirada, moitos aspectos da miña propia contorna nos que non deparara.

Porén, cando se viaxa tamén se toma consciencia das similitudes, e especialmente dos **inevitables e devastadores efectos da globalización**, efectos que, salvando as distancias culturais, xeográficas e temporais son os mesmos que aquí, en Galicia. De feito, Cabo Verde é, a moitos niveis, equiparable á Galicia de hai non tantos anos.



A supeditación á cooperación internacional, ás empresas e ao capital estranxeiro, á UE, a China, a dependencia das importacións -todo isto en detrimento da produción propia e do desenvolvemento dunha industria local-, o abandono inexorable do rural, a progresiva urbanización, a virulencia da penetración do marketing e as marcas, a imposibilidade de construír un discurso territorial propio, a proliferación de lixo -plásticos- e as dificultades e grandísimas deficiencias da súa xestión, agravadas aínda máis pola insularidade - lembremos que é un pequeno país, composto por dez illas e situado a case 600 km da costa africana continental.

Especialmente preocupantes son os problemas aos que se enfronta a produción de bens alimentarios propios, derivados da desertización, a escaseza de auga, a aridez e a consecuentemente degradación dos solos, incrementando a



dependencia do exterior e, en consecuencia, o encarecemento da cesta da compra. Por outra banda, ese estancamento agrícola ocasionará cada día máis unha excesiva supeditación ao turismo, que non fará senón aumentar a dependencia do exterior.

Igualmente, a reivindicación cultural, musical, poética e a produción intelectual, etc. vese moi limitada pola inexistencia dun mercado suficiente –Cabo Verde ten apenas 500.000 habitantes-, polo que previsiblemente será cada vez máis dificultosa a construción dun discurso identitario propio, afastado das fortes dinámicas globalizadoras. É dicir: trátase das mesmas ameazas que se detectan aquí, no territorio galego, só que con máis desprotección e dependencia, por tratarse dun país africano, insular, de pequenas dimensións e no que só viven medio millón de almas.

Todos eses son aspectos cos que **a cooperación ao desenvolvemento ten que ser extremadamente sensible**, procurando favorecer a construción de modelos endóxenos, equilibrados, non –demasiado- intrusivos nin agresivos. Trátase de extremar a cautela para paliar ao máximo os efectos máis indesexados da intromisión que supón a cooperación, axudando tamén a visibilizar non só os beneficios, senón tamén os altísimos custes que pode ter o chamado desenvolvemento, que está indefectiblemente baseado en parámetros occidentais. A cooperación non debería converterse nun factor máis de aculturación e, no entanto, resulta extremadamente dificultoso non caer nesa trampa, limitada como está polas políticas, economías e intereses dos países de orixe.

Só unha última reflexión, xa para rematar. Sería desexable que experiencias como Vacacións con traballo tivesen un maior percorrido, no sentido de que as estadias técnicas voluntarias actuais, moi limitadas no tempo -un mes-, estiveran inseridas en proxectos máis amplos e axeitadamente planificados, nos que, **a través da consolidación e ampliación temporal, da colaboración técnica galega, fose posible ir avanzando na consecución de obxectivos para que esta magnífica experiencia adquiera unha dimensión que exceda a do ámbito individual do afortunado persoal técnico que nela participa.**

Blog da experiencia:

vacacionscontraballo.wordpress.com/category/blogs-2018/cabo-verde-2018

VACACIONES CON TRABAJO EN MOZAMBIQUE



FOTO: Adrián Irago

DATOS BÁSICOS

NOME OFICIAL: República de Mozambique.

CAPITAL: Maputo (aproximadamente 2.000.000 millóns habitantes).

SUPERFICIE: 799.380 km² (Instituto Nacional de Estatísticas de Mozambique, 2016). Localizado na costa sueste de África, limita con Tanzania (norte); Malawi, Zambia e Zimbabue (oeste); e África do Sur e Swazilandia (sur).

POBOACIÓN: 29.500.000 habitantes (Banco Africano de Desenvolvemento, 2017). Un 43% da súa poboación é menor de 15 anos. A densidade demográfica está en 24,28 hab/km². Un 49,7% da súa poboación é feminina (Banco Africano de Desenvolvemento)

ALFABETIZACIÓN: 58,8% (UNICEF e Banco Mundial, 2015); 58,8% (Banco Africano de Desenvolvemento, 2017); 44,9% (UNESCO, 2015-2016).

ESPERANZA DE VIDA AO NACER: 58 anos (Banco Mundial, 2018); 53,7 anos (PNUD, 2016 e CIA World Factbook); 54,4 anos (Instituto Nacional de Estatística de Mozambique).

ÍNDICE DE DESENVOLVEMENTO HUMANO (IDH): 0.437 (PNUD, 2018). Posto 180 sobre 189 países.

LINGUAS: Portugués (idioma oficial), falado aproximadamente polo 70% da poboación. Tamén coexisten linguas e dialectos da familia lingüística bantú (tsonga, makua, elomwe, shona, ronga).

CONFIGURACIÓN RACIAL: Existe unha marcada diversidade étnica e racial, igualmente determinada pola composición lingüística, que define unha sociedade basicamente mestiza. Os grupos étnicos maioritarios son os makua, sena, ndau, shangaan. Igualmente existe un 1% de poboación de orixe europea, principalmente portugués.

RELIXIÓNS: Católicos (28%); protestantes evanxélicos (27%); musulmáns (18%); ateos ou non relixiosos (18%); crenzas aborixes (8%); outros (1%).

MOEDA: Novo Metical Mozambicano (NMM). A convertibilidade é de 100 NMM = 2,35 €; e de 1 € = 70,98 NMM (marzo de 2019).

PIB PER CÁPITA: US\$ 640,13 (PNUD, 2016); US\$ 417,3 (Fondo Monetario Internacional, 2016); US\$ 411,2 (Instituto Nacional de Estatística de Mozambique).

CRECEMENTO ECONÓMICO: O crecemento do PIB foi do 3,7% en 2017 (Banco Mundial, 2017). Para 2018, estimábase en 3,5% (Banco Africano de Desenvolvemento) Mozambique está a experimentar un prolongado ciclo de crecemento económico e de investimentos estranxeiros, principalmente en infraestruturas e explotación de recursos naturais.

FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE - www.fondogalego.org

VACACIONES CON TRABAJO • Experiencias Solidarias 2018

FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE - www.fondogalego.org

VACACIONES CON TRABAJO • Experiencias Solidarias 2018

DESEMPREGO: 17% (PNUD, 2015).

POBREZA: 54,7% da poboación (PNUD, 2016). Un 70% da poboación vive en áreas rurais.

DIVISIÓN DO PIB: agricultura (25,3%); industria (19,8%); servizos (54,9%) (CIA World Factbook, 2016).

INFLACIÓN: 15,3 % (Banco Africano de Desenvolvemento, 2018).

PRINCIPAIS SOCIOS COMERCIAIS: África do Sur, China, India, Unión Europea (Italia, España).

PRINCIPAIS RECURSOS: Aluminio, algodón, azucre, cítricos, lagosta, anacardios.

INDEPENDENCIA: Tras cinco séculos de colonización portuguesa (s. XVI), Mozambique alcanzou a súa independencia o 25 de xuño de 1975, logo dunha década de guerra de guerrillas impulsada polo marxista Fronte de Liberación de Mozambique (FRELIMO). Alcanzada a independencia, Mozambique viviu unha prolongada guerra civil (1977-1992) entre o FRELIMO, baixo apoio da URSS e Cuba, e a opositora Resistencia Nacional Mozambicana (RENAMO), principalmente apoiada por África do Sur, que culminou cun proceso de pacificación auspiciado pola ONU (1992). Con todo, as secuelas do conflito seguen a estar presentes: estímase en mais de dous millóns as minas antipersoas aínda existentes, principalmente nas zonas rurais.

FORMA DE ESTADO: República presidencialista. Conta cunha Asemblea da República de carácter unicameral, composta por 250 membros mais dous representantes da diáspora mozambicana, electos para períodos de cinco anos. Desde 2015, o presidente da República é Filipe Jacinto Nyussi (FRELIMO).



TESTEMUÑO DE MANUEL FUENTES

Informático na Deputación da Coruña. Fundación Encontro.

Un día de abril do 2018 chegou ao meu correo electrónico unha mensaxe cunha proposta do Fondo Galego de Cooperación e Solidaridade. A 13ª edición de Vacacións con Traballo. Un programa de voluntariado internacional dirixido ao persoal das súas administracións socias. No primeiro que puxen a miña atención foi no perfil de “Técnica/o de Informática”. O normal é que o perfil para as solicitudes de voluntariado sexa sanitario ou social, pero un perfil informático... Pareceume interesante e comecei por visitar a páxina do Fondo Galego. Descubro que a Deputación da Coruña é socia e, xa que se os requisitos están a cumprirse, mergúllome un pouco máis e entro no blog “Vacacións con Traballo”, onde vou lendo as experiencias de persoas voluntarias de edicións anteriores do programa. Sigo a ler as entradas do blog e comeza a espertar en min certo sentimento de afinidade. Penso que pode ser **unha boa oportunidade de coñecer outros mundos, outras culturas e, ao mesmo tempo, desenvolver un proxecto que sexa de utilidade** para xente, digamos, “desfavorecida”. O perfil que se axusta ao meu caso é para un proxecto en Mozambique. Sei onde está sen necesidade de mirar o mapa, e tamén son consciente de que cae bastante lonxe. Moi lonxe. Tería que consensualo na casa, xa que suporía estar fóra e afastado durante un mes.

A proposta (na casa) sorprende un pouco, xa que a distancia e o descoñecemento de todo o referente a Mozambique sementa todo tipo de dúbidas, pero como vexo que xa teño captado certo interese e atención, preséntolles o programa un pouco máis polo miúdo: non é un programa novo, xa que sería a 13ª edición e as entradas que hai no blog, das diferentes persoas que participaron en anos anteriores, son máis que alentadoras e todas contan as bondades da experiencia. Aínda faltarían moitos detalles por definir, pero a cuestión é se eu podería miralo coma unha posibilidade real. Consigo certa conivencia e iso permítete afondar máis no proxecto.

Comezo a mirar os requisitos e obrigas do candidato e, se teño que falar con sinceridade, direi que algunhas das partes do programa non eran moito do meu agrado. Non lle teño ningún medo ao traballo de campo (o traballo informático que eu iría facer), pero non é que se me dea moi ben escribir para os demais e tampouco me sinto cómodo nesa actividade. Non existo no mundo dixital e a verdade é que non o boto de menos nin un chisco. Recoñezo que nun primeiro momento o tema do blog, a memoria da actividade e o contacto coa prensa, fixeron que dubidara de presentarme ao programa. O prazo para a presentación de candidaturas remataba o 30 de abril, o cal me deixaba tempo para pensar e repensar de novo. Un día deses que un se ergue da cama coa enerxía e o ánimo de que pode enfrontarse a calquera cousa, decidín preparar a documentación para enviar a miña solicitude. Presentarme non ía supor nada máis ca iso. Habería máis candidaturas e aínda tería que agardar ao proceso de selección. Xuntei toda a documentación e presentei a miña solicitude, pero sen moitas esperanzas. Semella que é mellor unha sorpresa que non facerse ilusións e levar un chasco.

O PROXECTO TOMA VISOS DE REALIDADE

E un bo día do mes de maio recibín unha chamada telefónica con prefixo de Pontevedra (“Quen estará a chamar desde Pontevedra?!”), para comunicarme desde o Fondo Galego que a miña candidatura é a elixida para o programa Vacacións con Traballo en Mozambique. Durante uns intres case que non souben que dicir. “A miña candidatura a elixida?”, pensei. Pois está claro que será difícil que volva aparecer outra oportunidade coma esta para min. E xa no momento dixen que si, que aceptaba ser o voluntario para o programa. Foi o arranque da miña aventura mozambicana.

Xorden unha chea de preguntas, tanto acerca do traballo e da Fundação Encontro, como do país, rexión, cultura, clima, costumes... **Toca comezar a recopilar información sobre Mozambique**, tanto a que vaia chegando desde o Fondo Galego como a que eu mesmo consiga atopar pola rede. Xa vou afaéndome á idea de que nuns meses partirei cara ao sur do continente africano e comezo a prepararme nalgúns dos aspectos que precisarei. O primeiro é renovar o pasaporte, que xa leva uns meses caducado. Solicitar unha cita en Sanidade Exterior para as vacinas e os tratamentos profilácticos que sexan necesarios. Tamén unha ollada ao rexistro de cidadáns españois no estranxeiro. A validez do carné de conducir en Mozambique, non vaia ser, aínda que preciso obter un permiso internacional, que expiden na propia DGT. Analizo un pouco cal será a miña situación en Mozambique e chego á conclusión de que as probabilidades de que necesite conducir son case nulas, polo que decido non facer o trámite. Despois arrepentinme, porque houbo máis dun par de ocasións nas que co carné houberamos arranxado algún que outro contratempo. Comezo tamén a facer unha lista de todas as cousas que coido que precisarei. Cada unha que se me ocorre, déixoa anotada no teléfono móbil, e vou facendo así unha listaxe que acabará sendo bastante longa.

Comeza a tomar forma o proxecto cunha reunión na sede do Fondo Galego, concretamente o 13 de xullo, nunha **sesión formativa de concienciación, educación e comunicación para o desenvolvemento**. Tamén para ir avanzando no plan de traballo, do que xa estabamos a desenvolver algúns aspectos desde uns días atrás, xunto coa Fundação Encontro. Presentación da documentación precisa para o visado, firma do contrato de voluntariado, etc. Unha xornada interesante. Falamos ademais sobre o aloxamento en Mozambique e infórmanme de que, con toda seguridade, estarei aloxado nun centro de menores co que colabora a Fundação Encontro, que se chama Casa do Gaiato e que está preto de Massaca, a aldea onde ten a sede a propia Fundação. Tentamos concretar tamén cal sería a mellor época para viaxar e acordamos que o mes de outubro podería estar ben, xa que comeza a primavera e o clima é moi agradable. Con moita da información xa na miña man e toda a documentación lista para os trámites e o papeleo, comezo a empaparme de datos de Mozambique, Fundação Encontro, Boane e Casa do Gaiato. A primeira fase do proxecto xa é unha realidade.

O MEU COMPROMISO XA É FIRME

Estou en contacto con María José, da Fundación Encontro, e consigo que me envíe algunha información acerca das tarefas a desenvolver en terreo. Vou preparando o material informático que precisarei e tamén vou comezando a pensar e intentar darlle forma ao sistema de introdución de datos que terei que preparar para darlle contido á base de datos (BBDD). No momento en que vou tendo coñecemento da información que se pretende mecanizar, vou traballando e deseñando o sistema. Aínda faltan un par de meses para partir, pero prefiro levar xa preparado todo o que poida e, despois, unha vez alá, dispoñer do maior tempo posible para facerlle fronte aos problemas que vaian aparecendo. Levarei o meu portátil, con todas as ferramentas que vaia precisar e tamén co traballo que ata ese momento teña xa realizado. Como non sei se en terreo teñen algún tipo de rede de comunicación para os ordenadores, levo tamén un cable para conectar dous equipos como se estiveran en rede. Unha vez alá, esta idea amosouse ademais moi acertada, porque foi de moita utilidade.

As datas definitivas da viaxe confírmanse a mediados do mes de agosto. Viaxarei para Mozambique o 30 de setembro e voltarei o 29 de outubro. A ida será A Coruña-Lisboa-Maputo e a volta Maputo-Lisboa-Madrid-A Coruña.

Xa só faltan uns días para partir, xa teño moitas cousas preparadas e ando a buscar algún agasallo para levar á Casa do Gaiato, dado que me van aloxar durante un mes. Prefiro levar algo que sexa de utilidade que calquera outra cousa que non sirva máis que para poñer enriba dun estante. Lembro que na reunión do Fondo Galego comentárase que unha das cousas que lles iría ben no Gaiato serían pelotas de fútbol, porque se lles pinchan con bastante frecuencia. Pareceume unha boa idea e **ocorréuseme contactar co departamento de RSC do Real Club Deportivo da Coruña, contarlles o proxecto e ver se mostraban interese en colaborar** dalgún xeito, preferentemente coa doazón dalgúns balóns para os “gaiatos”. Axiña se puxeron en contacto comigo e amosáronse moi receptivos. Quedaron en preparar unha caixa con material para que eu a recollera e levara para alá. Ao final a doazón consistiu en 30 camisetas, media dúcia de polos, uns balóns e unhas libretas. Agradecínlles moito o interese e quedei en facer unha reportaxe fotográfica para entregar á volta.



COMEZA A VIAXE

Chega o día de partir. Non podo reprimir certo nerviosismo. Vou botar fóra da casa un mes, nun país que non coñezo. Aínda me quedan moitas horas de avión. Viaxo toda a noite e chego a Maputo de madrugada. Alí agarda por min un *motorista* (Ignacio) que me levará ata o Gaiato. Todo é novo e xa me dou conta de que estou nun país onde todo funciona doutro xeito. O tráfico por Maputo semella caótico, vehículos aparcados en calquera sitio, camionetas enormes. “Menos mal que non teño que conducir aquí”, penso. Saímos da capital e o cambio é brutal. Teño a sensación de viaxar polo tempo cen anos atrás. Todo torna en chabolas, de diferentes materiais, pero chabolas.



A xente traballa no campo sen ningún tipo de maquinaria moderna. Nas beiras da estrada vense diferentes postos de venda de construción “artesanal”. A estrada ten un tráfico brutal, a marcha é moi lenta e con paradas continuas. Imos avanzando cara ao noso destino e, con cada quilómetro que percorro, vou percibindo que as condicións de vida van a peor.



Chegamos a Boane e a localidade é unha mestura entre aldea rural e vila na que toda a vida está ao longo da rúa, que é un mercado de postos que custa distinguir se son fixos ou ambulantes. Continuamos camiño e chegamos a Massaca, unha das aldeas nas que a Fundação Encontro traballa coa comunidade. A pista que fai de rúa principal é de terra, chea de buracos, na que a velocidade máxima non pode ser máis de 20 km/h. Agora xa sei por que todos os que poden teñen unhas camionetas enormes con tracción total.

Imos saíndo da aldea, mergullándonos en terreo deshabitado, e despois duns quilómetros xa entramos no recinto da Casa do Gaiato. Sorpréndeme as construcións modernas que hai, que contrastan co que acabo de ver na aldea. O recibimento é fantástico e a directora (*Mãe Quitéria*) asígname dous “cicerone” para que me mostren as instalacións e me indiquen o espazo onde estarei aloxado. Despois dunha visita guiada polas instalacións do centro, lévanme ata o meu cuarto.

Sorpresa maiúscula. Un cuarto só para min, con baño, ducha, un escritorio e un par de enchufes. Todo un luxazo. Como xa case que era a hora do *almoço*, imos ate o *refetório* (comedor) e alí séntome na mesa dos “adultos”, que comparten comigo os membros da dirección: *Mãe Quitéria*, tía María, tío Raúl e



os voluntarios: tía Pilar, tío Xavier e tía Raquel. Xa desde o primeiro momento vexo que domina unha enorme cordialidade e un ambiente familiar. Entre todas e todos **fan que me sinta case como na casa e resúltame moi sinxelo adaptarme.** Neses momentos, nos que todo eran dúbidas, xa me dou conta de que vou estar moito mellor que ben, como así resultou ser.



O TRABALLO

O proxecto para o que fun seleccionado e que ía desenvolver é a creación dunha base de datos para a área de Acción Social da Fundação Encontro.

Grazas á comunicación previa por correo electrónico, conseguín obter a suficiente información para coñecer o tipo e as características dos datos que se pretendía dixitalizar. Teñen fichas cunha variada e completísima información das familias que as e os activistas van visitando polas casas das aldeas, pero ao estaren almacenadas en carpetas, non lles poden sacar ningún rendemento. Con esa base xa traballara no deseño da BBDD e dos arquivos que a compoñen, de xeito que cando cheguei xa tiña unha parte do traballo feito.



O primeiro día de traballo “in situ” saímos cara Massaca, onde se atopa a sede da Fundação para facer as presentacións, tanto do equipo directivo como da xente coa e para quen vou traballar. Sorpréndeme a extrema educación e a cordialidade da que fai gala todo o mundo. Unha primeira reunión para as presentacións e as xeneralidades do proxecto. Vexo que hai ordenadores de sobremesa e tamén algúns portátiles, pero que non existe ningunha infraestructura de rede. “É o que hai, e haberá que adaptarse”, penso. Tomei a precaución de incluír entre a ferramenta que levei un cable de rede cruzado, que permite interconectar dous ordenadores, e nese momento penso que lle vou sacar moito rendimento.

Móstranme o despacho no que desenvolverei o meu labor e tamén o ordenador de sobremesa no que, nun principio, se instalará a base de datos. O primeiro polo que me intereso é pola cantidade de información que teñen almacenada nas carpetas das fichas das familias. Vexo que son un lote de carpetas. Bótolles unha ollada e comprobo que non teñen ningunha orde ou sistema para a súa almacenaxe. Certamente, o traballo de mecanización desta información é unha necesidade. Haberá entre 350 e 500 fichas. Tamén haberá que ir facendo cálculos do tempo que preciso para introducir toda esa información.

Como xa levaba unha parte do traballo preparada, pónome aos mandos e instalo o software que precisará o sistema para funcionar. Fago unha primeira

proba e todo funciona con normalidade. Dedico un par de xornadas a traballar coa codificación e as implicacións na programación e cun prototipo xa podemos comezar a introducir a información. Facemos una pequena proba e todo funciona como debe. Un cursiño acelerado, para a encargada de introducir os datos, de como se manexa o sistema e, ao final do día, semella que se pode ir adiantando a introdución da información e eu podo seguir a traballar noutras partes do proxecto.

Pero non todo van ser alegrías e, ao día seguinte, cando chego ás instalacións da Fundação, a traballadora encargada da introdución dos datos dime que non funciona. Comprobo que é certo. Probo noutro portátil que non é o meu (no que vai perfectamente) e a interface funciona sen atrancos. Volvo facer a instalación desde o principio, e non funciona. Isto si que é un problema grande. Non teño xeito de reinstalar o sistema operativo e pregunto se hai alguén que o poida facer. Dinme que si, que teñen a unha persoa que se encarga dos ordenadores. Achégase e comentamos que o primeiro é facer unha nova instalación do Windows. Encárgase el e, mentres, eu podo continuar traballando. Xa estamos a perder tempo, porque eu contaba con que a interface de introdución da información estivera a funcionar xa na primeira semana. Case que estamos a finais e non arrancam. Finais de semana, e a reinstalación do sistema operativo non deu o resultado esperado, e seguimos sen arrancar.

Esa fin de semana tomo a decisión de modificar a interface de introdución de datos e comezo a traballar noutro sistema que precisa dun software por detrás, pero que coido vai dar menos problemas con máquinas que non podo configurar ao meu gusto. Comeza a segunda semana e o ordenador segue dando problemas. Tomo a decisión de substituílo e comezar todo cun “novo”. Increméntase o atraso no calendario. Sigo a traballar na nova interface de introdución de datos e abandono xa calquera modificación na antiga. Conseguimos que o novo ordenador vaia ben e xa se poden meter os datos. Esa mesma semana xa teño lista tamén a nova interface e xa a deixo instalada, deshabilitando a anterior. É máis manexable e permitírame o acceso en rede dun xeito máis sinxelo. Facer o cambio semella que foi unha boa decisión. Xa van case dúas semanas e o proxecto acumula bastante atraso. **Fago as xestións necesarias para prorrogar a miña estada quince días máis do inicialmente previsto** e, por sorte, todo sae ben. Podo quedar outras dúas semanas, que veñen de marabilla, pois o calendario previsto tornouse imposible.



Coa nova interface funcionando, non sen algún que outro fallo que hai que ir corrixindo sobre a marcha, poño máis atención sobre a ferramenta que permitirá obter os resultados desexados. Comprobo que traballa ben, pero a cantidade de fichas que hai na BBDD é moi pouca. Ao ritmo que vamos de introdución de datos, necesitaremos máis de tres meses para ter toda a información rexistrada. Falo coas persoas responsables da Área Social para poñelas ao día na evolución do proxecto. Precisamos de que o volume diario de introdución de datos aumente moito. Ocorrésese que podo probar a conectar outro ordenador co cable que preparei e introducir datos dende os dous. Conecto o meu portátil para facer unha proba e funciona ben. Hai que buscar alguén que se desenvolva no manexo do ordenador e un portátil para traballar. Ofrecéronse un par de voluntarias do Gaiato e, cando o seu traballo lles permitía, sumábanse a introducir datos. Foi dunha grande axuda e démoslle un bo empurrón. Puiden facer probas cun volume máis grande de información, para comprobar que a velocidade da interface de resultados era axeitada.

Unha vez que a introdución de datos funciona varios días seguidos sen ningunha incidencia, dedico todo o tempo á interface de obtención de resultados. Está moi avanzada e xa só quedan algúns retoques. É o momento de facer unha exposición coa xente que a manexará. Presentala e explicar o seu funcionamento. Despois de varias propostas e de pospoñer a data en diversas ocasións



(a planificación case que ten que ser día a día), conseguimos levala a cabo e **dei unha charla/cursiño acerca do funcionamento do sistema, de que información se pode obter e como sacarlle o mellor rendemento.** Tras varias probas, o sistema amosouse o suficientemente capaz para deixar a todo o mundo contento cos resultados que ían saíndo. Podo dicir que foi un éxito!

Chegamos tamén á conclusión de que o mellor xeito de traballar, para non interferir coa introdución de datos, era utilizar a interface de resultados en rede dende os portátiles. Configurei os portátiles para que se conectaran en rede co cable que levei preparado e tamén fixemos probas traballando deste xeito. Funcionou todo á perfección. Só quedaba establecer un sistema de copias de seguridade. Preparei un arquivo de comandos que creara, nunha memoria externa, unha carpeta con nome da data e todos os arquivos de datos no seu interior. Quedou funcionando correctamente.

Con todo isto feito, xa puiden dedicar todo o tempo a elaborar un manual de manexo de todo o sistema, tanto da interface de introdución de datos como da de obtención de resultados. Tamén unha referencia técnica para instalacións en novos PC ou portátiles.

Con todo, cando regresei aínda non quedaba toda a información introducida na BBDD, pero en pouco tempo sería un traballo rematado.

Aproveitando que na Casa do Gaiato teñen unha aula de informática bastante ben montada, organizamos uns **obradoiros de primeiro contacto co mundo dos ordenadores para os rapaces** das casas número 2 e 3. Nalgunha que outra fin de semana e facendo grupos de dez a doce nenos, foron iniciándose no manexo do rato e do teclado, disciplina para a que teñen poucas oportunidades de facer prácticas, pero pola que amosaron un grande interese.

A REALIDADE DO PAÍS

Resulta obvio expoñer que Mozambique é un país menos desenvolvido que o noso. Contrasta, dun xeito moi chocante, aterrar en Maputo e ver unha cidade un pouco caótica -no tráfico, por exemplo, e bastante descoidada- pero con certo aire de modernidade nalgúns aspectos, a saír da súa área de influencia e atopar co Mozambique rural máis empobrecido e atrasado. A 30 km da capital ten un a impresión de ter viaxado no tempo máis de cen anos atrás. Esa sensación vai aumentando na medida que un se adentra no Mozambique rural das aldeas. Boane é o núcleo máis urbano entre a capital e a Casa do Gaiato, que será o meu aloxamento. Ao longo da estrada sitúanse os postos de



venda e as construcións máis modernas, a maioría dedicadas ao comercio. Os peóns utilizan a estrada como se non houbera vehículos, e os vehículos fan o propio, como se non houbera peóns. Non entendo como non hai atropelos a cada momento. **Non sei se é unha orde caótica ou un caos ordenado.**

En Massaca, que é a aldea que hai que cruzar para chegar ao Gaiato, está retratado o Mozambique rural e máis pobre. Casas (en realidade son chabolas)



feitas con materias precarios, que non dispoñen de ningunha infraestrutura. Vacas, cabras e *machambas* (hortas de cultivo). Semella que eses son os medios de vida da gran maioría dos habitantes da aldea. Chegar ao Gaiato despois disto é como chegar a un oasis. Construcións modernas, ordenadas, coidadas. Paradoxicamente, os rapaces que están aquí -que, ou ben non teñen familia, ou a súa situación familiar é calamitosa- están, sen dúbida, infinitamente en mellores condicións de vida que a maioría dos nenos que viven na aldea.

Outro aspecto que chama a atención son os roles. Do gando coidan os rapaces, e algúns non teñen máis de cinco ou seis anos. Nas *machambas*, aínda que se ve algún home, as que traballan son as mulleres, que ademais son as que soportan todas as cargas familiares. Os homes parece que só fan traballos remunerados, co que se pon de manifesto outro gran problema que marca e define o subdesenvolvemento deste país: o enorme machismo que existe e que se ve, en maior medida, no rural.



O idioma non é un atranco, xa que certo parecido co galego proporciona un primeiro achegamento. Precisei duns días para adaptarme ao acento, pero sentínome máis cómodo coa adaptación ao acento mozambicano que ao de Portugal. Nunha semana xa entendía e falaba con soltura, agás cos rapaces, que á parte de ter un acento máis “duro”, mesturan o portugués co *xangane*, que é un dialecto/lingua local.

CONCLUSIÓNS

Coido que o primeiro que teño que dicir é que a experiencia foi increíble e inesquecible desde calquera perspectiva que a analice. O traballo, que para min era o máis importante, quedou rematado e funcionando ao 100%. Coas súas pegas e atrancos, que se foron superando coa axuda e boa disposición de toda a xente implicada. Tamén grazas á colaboración inestimable de persoas alleas ao proxecto, cunha mención especial a Soco e Raquel, dúas voluntarias que axudaron a darlle un enorme empurrón á introdución de datos.

Non podo xulgar cal das dúas partes rematou máis beneficiada do intercambio pero, desde o meu punto de vista, considero que o meu beneficio foi superior. As relacións persoais coa xente da Fundação coa que traballei (María José, Pilar, Maru, Antonio, Luisa...), co persoal da dirección do Gaiato (Quitéria, Raúl, Amílcar...), co voluntariado co que coincidín (Xabier, Raquel, Charo, Soco, Roberto...), cos rapaces do centro (non podo nomealos a todos) ou coa xente da aldea. Foron do máis agradable e enriquecedor, cun sorriso permanente, cordialidade e unha total disposición a toda canta actividade xurdiu, tanto de traballo como de lecer ou de calquera outro tipo. Aínda que o tempo da miña estada se alongou quince días máis, o mes e medio fíxoseme moi, moi curto e o tempo voou tan, tan rápido que, cando me dei conta, xa estaba no avión de volta.



Ata o momento non tiña ningunha experiencia en voluntariado e, agora que xa o teño feito, penso que debería ser, se non unha obriga, si algo irrenunciable nalgún intre da vida. Axuda a **mirar ao mundo, e á xente que o habita, dun xeito diferente. Sen prexuízos. Sen tópicos.** Sen influencias. Mergullarse noutra cultura e formar parte dela durante un tempo. Ensinar o que un sabe e aprender o que descoñece, compartir un pequeno período da vida con xente que vive diferente, que pensa diferente, que actúa diferente, pero que sente e transmite as mesmas emocións. Vivir unha vida distinta, sen certas comodidades, onde o material deixa de ter sentido se non é imprescindible, e onde aparece a sensación de pertencer e formar parte da natureza na que un pon os pés.





**fondo
galego**

de cooperación
e solidariedade

www.fondogalego.gal



**XUNTA
DE GALICIA**



cooperacióngalega

Coa colaboración de

O Fondo Galego é membro da

INSTITUTO
GALEGO
DE ANÁLISE
E DOCUMENTACIÓN
INTERNACIONAL



CONFEDERACIÓN
Fondos de Cooperación e Solidariedade

